

"Os desastres naturais sempre existiron, non están relacionados co cambio climático"



Aínda que os desastres naturais sempre existiron, o cambio climático está a **intensificar a súa frecuencia e severidade**. Segundo o Grupo Intergubernamental de persoas expertas en Cambio Climático (IPCC), o quecemento global causado polas actividades humanas xa está a xerar numerosos fenómenos meteorolóxicos e climáticos extremos en todas as rexións do mundo.

Son exemplos destes efectos **a seca extrema e os incendios na selva amazónica e as devastadoras inundacións de Valencia ocorridas en 2024**, que deixaron 227 vítimas mortais e danos materiais significativos.

Fontes: [Intergovernmental Panel on Climate Change \(IPCC\)](#), [Euronews](#), [Climate Central](#)



AUTORÍA:

Apelido1 Apelido2, Nome

Apelido1 Apelido2, Nome

Apelido, Nome




FÓRA BOATOS:

A REALIDADE DO
CAMBIO CLIMÁTICO

Recorda compartir este folleto e, cando xa non teña utilidade, asegúrate de reciclalo correctamente.

"O cambio climático é un proceso natural, os seres humanos non son responsables"



Desde 1880, a temperatura global aumentou de forma sostida, sendo a **última década a máis cálida** desde que hai rexistros.

No ano **2024** alcanzouse un **novo récord**: a temperatura media do planeta aumentou **1,47°C** respecto aos niveis preindustriais.

O Centro Climático da NASA indica que este quecemento está directamente relacionado co aumento das **emisións de gases de efecto invernadoiro**, principalmente CO₂, producido pola queima de combustibles fósiles debido ás actividades humanas.

Fonte: [NASA Climate](#)

"O quecemento global non existe, cada vez hai máis ondas de frío"



Aínda que se producen ondas de frío moi intensas en certas rexións, a tendencia global demostra un quecemento continuo do planeta.

O cambio climático **altera os patróns meteorolóxicos**, facendo que os **eventos extremos**, tanto de frío como de calor, sexan **máis frecuentes**. Estas ondas de frío son variacións locais e temporais que non contradín o aumento xeral das temperaturas.

Fonte: [National Geographic España](#)

"Un aumento de 2 ou 3 graos nas temperaturas globais non é significativo"



Un aumento de 2 a 3 graos Celsius na temperatura global tería **consecuencias graves e xeneralizadas**, segundo o Grupo Intergubernamental de persoas expertas en Cambio Climático (IPCC).

Este incremento podería levar a un **aumento da frecuencia de fenómenos meteorolóxicos extremos**, como ondas de calor, **inundacións e secas** severas, que impactarían negativamente na **agricultura**, na **saúde humana** e nos **ecosistemas**. Ademais, a biodiversidade e a seguridade alimentaria estarían en risco, xerando grandes custos sociais e económicos.

Fonte: [National Geographic España](#)